

NOME DA ACTIVIDADE

- **Oferta de emprego**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Nas seguintes fichas podes observar que unha empresa busca unha persoa para o posto de vendedora, cada participante debe preparar unha entrevista persoal seguindo a información dunha das fichas; nunha serás o empresariado e na outra a persoa que busca emprego.

Para preparar a entrevista como solicitante e como demandante debes seguir a ficha que che corresponde.

MATERIAIS DA FICHA

Fichas

IMPORTANTE EMPRESA NACIONAL DE SERVIZOS RELACIONADA CO SECTOR ECONÓMICO FINANCIERO NECESITA

-----2-----

VENDEDORES/AS

Requírese:

- Experiencia en vendas de servizo.
- Capacidade de traballo e ganas de superación.

Ofrécese:

- Integrarse na primeira empresa do sector.
- Incorporación inmediata.
- Ingresos estimados superiores a 1.200 € entre fixo e comisións.
- Posibilidade de ser nomeada xefe de vendas a curto prazo.

Interesados, chamar para entrevista persoal ao teléfono 00/ 123 32 10

GRUPO PÁNDIGO

PRECISA PARA O SEU DEPARTAMENTO DE MANIPULADOS

VENDEDORES/AS

Requírese:

- Nivel cultural alto.
- Permiso de conducir.
- Vehículo propio.
- Servizo militar cumprido.
- Idade entre 25 e 30 anos.
- Dedicación exclusiva.
- Residencia en Compostela.
- Valorarase o dominio de inglés.

Ofrecemos:

- Ingresos brutos anuais de aproximadamente 13.200 € (fixo 9.000 “ máis comisións e incentivos ao acadar obxectivos anuais).
- Inclusión no cadro de persoal.
- Gastos de viaxe a cargo da empresa.